

RECUPERACIÓN SEGUNDO TRIMESTRE 4ª DA ESO.

Os alumnos que teñan suspenso o segundo trimestre de Xeografía e Historia de 4ª da ESO, terán a posibilidade de recuperalo entregando as seguintes actividades antes da data sinalada, **15 de maio del 2020**, no correo:

mdocoso@hotmail.com

Calquera dúbida ou aclaración ,non dubidedes en preguntar. Estou a vosa disposición para axudavos.Un saúdo.

1. Realiza un mapa conceptual sobre a Primeira Guerra Mundial.
2. Fai un traballo de investigación sobre a batalla de Verdún.
3. Analiza os principais puntos da rendición de Alemaña e de que xeito afectaron á Segunda Guerra Mundial.
4. Le o texto e responde as preguntas:

Non estamos en contra do pobo alemán, senón do despotismo militar de Alemaña. Debemos combater para salvagardar a democracia [...]. Resulta terrible lanzar a este grande e pacífico pobo a unha guerra, a máis terrible e desastrosa que xamais exista, posto que nela se ventila a existencia da mesma civilización. Pero o dereito é máis valioso ca a paz, e nós imos combater por aquelas cousas que sempre foron máis caras aos nosos corazóns: polo dereito que teñen os gobernados a que se oían as súas voces no propio goberno, polos dereitos e liberdades das pequenas nacións e por unha organización baseada no dereito, integrada por unha cordial alianza entre os pobos libres, que ofrezca paz e seguridade a todas as nacións e dea, finalmente, a liberdade ao mundo [...].

Declaración do presidente Wilson no Congreso dos Estados Unidos,

2 de abril de 1917.

-Cal era a situación política e social dos Estados Unidos en 1917?

-A que cres que se refire o presidente Wilson cando fala do «despotismo militar de Alemaña»?

-Investiga que causas levaron á intervención estadounidense na Primeira Guerra Mundial.

-De que forma foi decisiva esta intervención?

-Con que institución relacionarías a frase: «Unha cordial alianza entre os pobos libres, que ofrezca paz e seguridade a todas as nacións?»? Por que?

5. Desenvolve as causas e consecuencias da Primeira Guerra Mundial.

6. Explica o que saibas sobre o tsar Nicolás II e a súa familia.

7. Completa a táboa.

	Causas	Consecuencias
Revolución de 1905		
Revolución de Febreiro de 1917		
Revolución de Outubro de 1917		

8. Le o texto e contesta as preguntas:

O proletariado socialista loitou durante longos anos contra o militarismo.

Pero os partidos socialistas e as organizacións obreiras dalgúns países, pese a contribuír á elaboración destas decisións, desentendéronse, desde o comezo da guerra, das obrigacións que estas implicaban.

Proletarios!

Desde o desencadeamento da guerra puxestes todas as vosas forzas, todo o voso valor e a vosa resistencia ao servizo das clases posuidoras para matarvos uns a outros. É necesario que hoxe volvades ao campo da loita de clases e actuedes pola vosa propia causa, polo sagrado obxectivo do socialismo, pola emancipación dos pobos oprimidos e das clases sometidas.

L. TROTSKI, *Manifesto de Zimmerwald*, 7 de setembro de 1915.

Que expón o autor do manifesto?

Explica o que saibas sobre Trotski.

Investiga que foi a Conferencia de Zimmerwald.

Relaciona o texto coa creación da III Internacional.

9. Define os seguintes termos.

Comunismo de guerra

Checa

NEP

Kulak

NKVD

POSRD

Plans quinquenais

Exército vermello

Tesis de abril

10. Enumera os principais trazos do goberno de Stalin.

11. Explica cal foi a traxectoria dos Estados Unidos tras a Primeira Guerra Mundial.

12. Describe como e por que afectou a crise de 1929 a Europa.

13. Completa a táboa con datos sobre como afrontaron a crise os distintos países.

Estados Unidos	Alemaña	Gran Bretaña	Francia

14. Os anos vinte foron considerados unha época de prosperidade e seguridade. Que sinais desmentían este optimismo?

15. Define os termos e relaciónaos co *crash* do 29:

Especulación

Bolsa de valores

Crash

Bolsista

16. Explica as principais causas da Segunda Guerra Mundial.

